

## Sétimo andar, poesía alén

### Colectivo ‘A Porta Verde do Sétimo Andar’

#### Formas de citación recomendadas

##### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

COLECTIVO ‘A PORTA VERDE DO SÉTIMO ANDAR’ (2011 [2010]). *Sétimo andar, poesía alén*. Vigo: A Porta Verde do Sétimo Andar. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1188>>.

##### 2 | Por referencia á publicación orixinal

COLECTIVO ‘A PORTA VERDE DO SÉTIMO ANDAR’ (2010). *Sétimo andar, poesía alén*. Vigo: A Porta Verde do Sétimo Andar.

\* Edición dispoñíbel desde o 14 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A Porta Verde do Sétimo Andar

# Sétimo andar, poesía alén

Estades convidad@s a atravesar unha verde porta que nos lembra, cos seus murmurios, que na escuridade deste mundo aínda hai un recuncho no que as gorkas loitan contra o silencio que ameaza con volvernos a tod@s mud@s, tol@s, ceg@s, coma vellos naufraxios sen espírito, durmid@s no interior dunha balea que non parimos, pero a que alimentamos co noso covarde ollar indiferente.

Se tendes o valor preciso, non o pensedes máis e atopádenos neste microcosmos de voces espidas, encerelladas na mesma terra. Sede un connosco...

Alzade a vosa alma ao sétimo andar. Despois...

Xa nada será igual.

ISSN 476 84 42370 67 4



9 788492 590674



A Porta Verde do Sétimo Andar

Sétimo andar. poesía alén



# SÉTIMO ANDAR, POESÍA ALÉN

*A Porta Verde do Sétimo Andar*

© **A presente edición:** A Porta Verde do Sétimo Andar  
© **A imaxe de portada:** Roberto **Alonso**  
© **Do texto:** Miguel Ángel **Alonso**  
Ana **Cibeira**  
Rosa **Enríquez**  
Alfonso **Láuzara**  
Alba **Méndez**  
Alberte **Momán**  
María N. **Soutelo**  
Manolo **Pipas**  
Ramiro **Vidal**

*Deseño e Maqueta:* Nova Galicia Edicións  
*Execución gráfica:* Obradoiro de **Nova Galicia Edicións**  
novagalicia@novagalicia.com

ISBN: 978-84-92590-67-4  
Dep. Legal: VG 631-2010



Produto baixo Licenza Creative Commons

## LIMIAR

A Porta Verde do Sétimo Andar cumpre cinco anos de andaina poética, dende que no maio de 2005 decidíramos abrir a porta dun novo espazo creativo. Hoxe a porta segue aberta, sempre galega e sempre nese mundo posíbel! Neste tempo compartimos xa moitas cousas interesantes, entre outras a satisfacción de levar a cabo a publicación dun libro colectivo de poemas baixo o xenuíno título de “*A Porta Verde do Sétimo Andar*”, no que xa tivemos o pracer de contar coa participación de persoas moi prezadas para nós que aceptaran o convite.

Agora sae á luz “*Sétimo andar; poesía alén*”, este novo libro de poemas que presentamos encantad@s, coa mesma ilusión colectiva de sempre pero incorporando naturalmente toda a boa experiencia vivida neste tempo, e a chegada ademais de novas persoas como aire fresco para un espazo vivo e dinámico. Nós consideramos a poesía como un espazo aberto onde sempre é posíbel un encontro, sexa no soto dun café entrañábel sotto voce, sexa nun virtual sétimo andar ad infinitum, porque ao final un encontro é unha máxica coincidencia de soños (im)posibeis.

Así pois logo, será un pracer compartir tamén este espazo público en papel, que deixamos no aire para que teña xenerosa acollida co mesmo entusiasmo co que foi ceibado. A porta está aberta, pasade sen chamar!

*Vigo, maio de 2010*  
*A.P.V.*

Sétimo andar, poesía alén

MIGUEL ÁNGEL ALONSO DIZ

Madrid, 1976

## Sete máis siete

### A MIÑA FILLA

Meu amor...

non lembro como era a vida  
antes da túa vida

non lembro se a lúa cantaba  
ou o sol durmía

non lembro se as árbores falaban  
ou o mar ruxía

non lembro meu amor,  
como era a vida  
antes da túa vida

*Quen son eu?*

*Eu soamente son un fío de voz pendurado na eterna noite  
dun curruncho esquecido, onde case non se distingue a  
tenue luz duns verdes ollos aínda durmidos.*

*Só iso...*

*un fío de voz, unha tenue luz no medio da escuridade.*

Miguel Ángel Alonso Diz

## POEMAS PARA ÓS NOSOS FILLOS

Quen é o tempo?

O tempo é un señor moi vello  
de longa barba e neve no cabelo,  
que no seu eterno vagar  
elevase cara o ceo  
levando consigo un reloxo dourado  
cheo de caramelos.

Non, non!  
ese non é o tempo.

O tempo é un home moi atarefado  
que sempre anda correndo,  
co seu maletín as costas  
endexamais está ledado,

e o seu reloxo asemella sempre canso  
e no seu ollar adiviñase o inverno.  
Non, non!  
ese non é o tempo.

O tempo é unha rapaza ousada  
que viste enormes faixas,  
a súa face é sempre avermellada  
e na súa mirada un sorriso descansa,

e leva consigo un pequeno reloxo  
onde os segundos alegres cantan.

Non, non!  
ese non é o tempo

O tempo é un neno rebuldeiro  
que aínda ten tenra a ollada,  
sempre berra moito  
e a súa curiosidade non ten parada,

e non sabe o que é un reloxo  
e nunca atende a chamadas.

## IMAXES E PALABRAS

Son como unha árbore  
baixo un ceo fuxitivo  
que non se deixa amar.

Por máis que medran os meus versos  
estás sempre tan lonxe...!

Dende o outeiro que me viu nacer  
agardarei o amencer con ollos de neno  
e amareite coa forza do mundo.

Encerellado na terra  
treparei polos teus brazos de ar  
até acadar unha morte  
que ó cabo, me transporte lixeiro  
como cinsa, pero cinsa namorada  
polo teu corpo imposíbel.

Meu amor, meu ceo fuxitivo,

por máis que medran os meus versos  
estás sempre tan lonxe...!

## Poemas do día e da noite

### A MIÑA MULLER

Acabas de marchar  
e xa te boto de menos.

Aínda o noso leito  
conserva as túas formas  
e xa te boto de menos.

Aínda o teu calor me alimenta  
e xa te boto de menos.

Aínda os meus ollos  
conservan o teu reflexo  
e xa te boto de menos.

¡Canto te boto de menos!.

E aínda escoito o teu latexar  
que se perde no tempo.



### **SETE MÁIS SIETE**

No paro  
os días nacen espidos de vida  
coma camiños abandonados,  
só pasado,  
entre os ecos mudos da alma ferida.

No paro,  
os días convidan a caída  
dos beizos esgotados,  
só pasado,  
entre a palabra xa esquecida.

E os días tamén nacen  
cegos e xordos,  
sen máis fío que o reflexo  
dun tacto durmido.

E os días tamén nacen  
fríos e lóbregos,  
sen máis compañía que o choro  
dun recen nacido.

No paro,  
soamente atopo....  
un eterno deambular  
entre sombras que ameazan.

No paro,  
soamente atopo...  
desacougo  
nun labirinto sen saída

que no fin, lémbreme...  
que os días no paro  
nacen espidos de vida.

## MEMORIAS DA CIDADE ESCURA

Na túa triste face  
nace un ollar lento  
atento a tódolos versos  
inmersos neste vello caderno

inverno xurde dos meus berros  
erros irmáns do pasado  
repasado e calado  
agochado no meu ventre espido

perdido na ferruxe de pedra  
medra na miña alma  
calma que a tormenta precede  
cede a miña lingua tristeira

verdadeira é a miña vontade amor  
clamor que acende as mans  
cans que defenden o meu ar  
lar do soño antigo

Vigo.

## memorias da cidade escura

### AOS PÉS DA PANIFICADORA

Esquece...  
Esquece...

voces brúian na noite esgallada  
co rechouchío dunha estrela aboiada,  
lembrando que non resta barileza  
na pedra que esmorece,  
no lugar onde a indiferenza  
atopa o seu berce.

Esquece...  
Esquece...

aos meus ollos eivados  
sopran os soños arelados,  
e eu,  
debruzado baixo o teu perfil debuxado  
atópome ó resío

apouvigando o laído egrexio  
que arrólame nun forte apreixo  
transformándome nun verme  
que

Esquece...

Esquece...

ao teu ser adoecido  
polo tempo mal levado,  
pola carraxe esborrallada  
e o azo perdido.

E busco no meu ser un aloumiño  
co que espertar a muxica case cega  
nesta cidade negra que nega  
a túa alma o seu sitio.

Esquece...

Esquece...

o ecoar das voces gurrán de min  
neste infindo estourar de silencios falados,  
e eu,  
baixo o aballear crecente

belisco a miña conciencia  
chea de carriza quente.

Funga o vento!

Brúa o mar embravecido!

nos meus beizos caídos,  
e aínda son quen de escoitar  
o latexo que abrolla no amencer  
cinguido o rechouchío das túas pedras cansas.

Esquece...

Esquece...

e as voces van caendo  
no aballear presente,  
e as miñas mans loitan  
por manterte con vida  
nesta cidade atafegada  
por tanta mentira vertida,  
e que o cabo  
sempre termina esquecendo  
a miña verba luída.

Esquece...

Esquece...

## IMAXES E PALABRAS

Teño no meu interior  
un verme que loita  
por esgallar do meu leito  
a súa esencia.

E loito, loito  
polas viúvas virxes  
de ollada tristeira

loito para que ese verme  
do meu ventre desapareza  
e ó cabo non termine  
por converterme nunha fría estatua cega.

Loito, loito polos mares  
de augas rendidas e negras  
que transportan no seu lombo  
as palabras que a morte nega.

E rezo, rezo na bocanoite  
porque ese verme me esqueza,  
rezo polos soños desta terra silandeira.

## IMAXES E PALABRAS

O mar sabe a morte e a tristeza labrada,  
o seu corpo asemella un sartego de silandeira ollada.

Buguinas celestes constrúen nel a madrugada  
coas súas mans de loito creban a noite que marcha

O mar garda os fillos dos naufraxios envoltos nas súas  
mortallas – dixo un vello mariñeiro de Moaña.

E unha enxoita muller de negra face  
no peirao sorrí, agarda e cala,  
mentres cos seus osudos dedos o ceo sinala.

O mar sabe a morte...

Sétimo andar, poesía alén

ANA CIBEIRA

Caracas, 1977

## A MORTA

*I never was in love with death before,  
nor felt grateful because the rocks below could promise certain  
death.*

*[Nunca antes estivera eu namorada da morte,  
nin agradecida ás rochas por prometerme unha morte segura.]*

ELISABETH SMART, *By Grand Central Station I Sat Down and  
Wept*, Grafton Books, 1988. [Textos extraídos do libro *A morta*, inédito]

Histérica paxara  
tomada fel lustrosa  
de tritóns silenciados  
ó respiro do anhelos.

[...]

Retardando os xogos  
contra as rochas o pulo  
no tecido corálico  
entre poros levándose.

[...]

De cristal cola e boca  
retrato transparente  
tantas cálidas raiolas  
partíndose no centro

[...]

Ramos de floras termais  
células das pestanas  
líquidas pesadísimas  
porosas baixo as salgas

[...]

A morte ser intacta  
Ofelia entre as máis puras  
un pétalo blasfemo  
flotando xa latente.

[...]

Este bestiario poético  
de escamal doce e tráxico  
fura pequenas mortes  
mar de carne de plancto.

[...]

Estoupan pompas fráxiles  
adoecer vivo  
suxestión ardente  
revestida de esporas.  
[...]

Avalancha húmida  
devezo gorentoso  
bebendo terminal  
o feitizo das ondas.

[...]

Sacudida de pálpebras  
e longa trenza ó vento  
orgánica escada  
para o rapto do corpo

Ana Cibeira

[...]

Pernas diamandas líquidas  
regreso ó fondo do coro  
no pracer como verbo  
a máximo potasio.

Sétimo andar, poesía alén

ROSA ENRÍQUEZ

A Rúa, 1969



## POEMAS ABOMINÁBEIS

*“(...) se non se produce unha revolta subversiva que conduza á inversión das categorías de percepción e de apreciación, o dominio tende a adoptar sobre si mesmo o punto de vista do dominador.”*

“A dominación sexual”, Pierre Bourdieu

Vivir para dentro-lamentarse  
coa maré arrimada á ventá-en pierre  
tout à fait différente...

E se son espiga  
se nado e caio no monte  
se me perdo  
e viro radioactiva  
se descomprimo o sol...  
É que me queres?

Os campos de exterminio natural  
son casas de mulleres-fragas metidas no leito  
tensión sexual e silencio.

De fluír-mellor abandonarse  
borrar as sombras dos dedos.

A evaporación constata que segues aí  
arrasándome por fóra...  
É querer-volverse animal-irse.

O animal mórdeo todo-concéntrase.

Sábe que mentres haxa aire  
teremos consciencia.

O país volverá dos cavorcos  
des puits noirs-de la tierra.

Irse ou quedar  
sentar á beira túa  
vivirte polos bordes-atravesarte...

A actuación  
é danzar-converterse  
ondear por riba das mesas  
a atomización total-le dernier effort

É o gusto pola enfermidade-o frío das paredes  
é tamén o sol.

As putas desfáanse no esófago das cidades  
nas tubaxes escuras da friaxe  
na punta dos edificios-por riba das chemineas  
flotando espidas na grisalla.

Fixemos trenzas co pelo  
metemos avións na barriga.  
Pero os avións nacen-medran e desaparecen  
(coma nós)

O motor é a alma dos obxectos  
a tediosa e mecánica respiración da distancia.

A humanidade suspira no abismo-motorizada e enferma.

Se o amor polas cousas é un trastorno automático da  
consciencia  
a medicina non será suficiente.

Toute grandeur est domination  
territorio do disimulo  
cobiza.

E se non amas  
se nada deixas  
nin das  
se nos esquivas...

É pola dignidade?

Mirar alto-estirarse  
a postura forzada  
-gonflés-  
après tant d'orgueil  
tant d'étrange oisiveté...  
Aparentes.

A cuestión social non pode ser patria  
témola na pel.

E de formarmos un partido político  
manteremos esta absurda cordura?  
Seguramente.  
Somos vítimas da repetición.  
De todos modos  
a necesidade é cruel  
e os procesos de aprendizaxe política e social  
son imprescindíbeis.  
Por iso é saber o que me inquieta  
comprender os límites do espanto  
falar para coñecer-nunca facer categorías.  
Calquera aproximación a isto paréceme perigosa.  
Daquela habituarse á vibración das cousas simples  
é volver nacer-inchar de aire os ollos.

Creación para revolvérmolo todo  
surtout la paresse  
et cette effrayeuse immobilité de Douve.

Desfacer a enerxía cósmica da verdade  
a inconsistencia do seu poder  
e comezar polo desenfreo das árbores.

As palabras preciosas  
aumentan de tamaño dependendo de quen as use.  
É esta arbitrariedade a que nos compromete.

Por iso construír un discurso é como preparar unha bolsa de viaxe  
hai que meter dentro o vento e a chuvia-lanzarse.

E se levo a chuvia  
e as palabras  
se parto o discurso  
e me comprometo  
se gosto das sombras  
-sexual e desvergonzada-  
coa patria na cona  
É que me odias?

Probabelmente.

As palabras enlean a consciencia e teñen a capacidade  
de avergoñarnos.  
Ao estirármolas-caen de pé-arrogantes.  
Eis a concentración obsesiva-pois a imbecilidade ten  
carácter permanente  
cando vai adherida ao discurso.  
E o discurso non ten límites-pode desfiguralo todo.

De permitírvolo así-desapareceríamos  
como as árbores e os avións  
como a conciencia.

E se teño diso  
-conciencia quero dicir-  
como actuar-sisuda e concentrada talvez?  
Disque así parezo máis fermosa.

E porque ti o fas e eu non quero  
non quero e non o fago.  
E se marcho  
voume e punto.  
Aínda que sexa triste irse así  
coma quen fai algo atroz  
secreto-por detrás.

Rosa Enríquez

Non ocultarei-no señor-que Douve se mobiliza  
que volve das sombras para quedarse.  
Non contigo-iso non  
pero se queda.

Irse ou quedar  
liscar da túa beira  
desatomizada  
e comer-beber e amar  
desvergonzada de min...

Pero vergoña é opresión  
como as palabras preciosas  
e nin son preciosa  
nin se me oprime facilmente.

Só a imbecilidade logra desorientarme  
polo de agora...

Sétimo andar, poesía alén

ALFONSO LÁUZARA

Teis- Vigo, 1971

## SENTENCIA

Encolliches,  
es un monstriño tenro  
que dá voltas nesta hora  
no remuíño maino do meu café,  
nese raro xirar de zurdo redireccionado.  
Afogarás  
terás unha morte doce,  
no fondo agarda ese lodo,  
un pouso derretido de azucre moreno.

## [SILENCIO]

*...é como se un paxaro de cinsa tivera cruzado unha  
porta verde*

### **AMANTE PRESO**

Tanta ilusión pisoteada...  
é difícil acender o sol cada mañá.  
Cada pequeno esforzo sufocado,  
cada coitado agromar non será fraga  
cando no lugar da esperanza resulta doado incendiar.  
O amante preso quixera erguer da cama.  
No chan un rompente de escume embotellado.  
Na fiestra tapiada con zapatos vellos, un cartaz:  
zona verde, non pisar

### **O TEU AMOR**

O teu amor de amorodo  
é ás veces de amor-odio  
un amor de urxencia e primeiros auxilios.  
O teu amor ten  
a morte  
un non sei que  
que non podo evitar que entre.  
Ámote entón sen querer amarte.

## (RE)FLEXIÓNS

Estamos en crise  
hai que reflexionar disque  
Reflexiona ti  
vai ti reflexionando  
xenuflexión política  
zapateiro aos teus zapatos,  
que eu che veño de faser 500 (re)flexións  
na cadea do traballo  
e aghora vou cara á taberna do meu compadre  
por un chato vou nun voo  
vou polo vento, veño polo aire.  
Vou ir indo.  
Vou tirando.  
Maloserá!  
Oe! Apagha a tele ou cambia de canle!

## CARACOLA DE CAFÉ

Mar-e-onda mar-e-onda  
a túa inmensidade oceánica plena  
soa na entraña cova dunha caracola  
mincha, cativa silenciosa a maré,  
conta areas milleiros nun silabario  
para exultar o poder encantador  
que arrebatou os sentidos abraiados.  
Tomei café nun recipiente de deseño.  
Caladiña caracola está en minutos musicais  
de marea chea nesta sobremesa  
mar-e-onda mar-e-onda mar-e-onda  
Let's have a cup of coffee here, yeah!



### **CUMIOS, ARELAS**

Declaro solemne nesta folla de area branca  
e perante o parlamento caracolo de musas e sereas  
que gasto cada noite pasamontañas no confort da almo-  
fada  
para reiniciar expedición clandestina en edredoning  
aos teus suaves cumios nevados de bico de estrela ver-  
mella /  
erguer no amencer o soño da matria arelada  
e así chovan as mellores colleitas urbanas  
na terra adentro nun val sen encoro

### **ABRAÇO**

Chegou de súpeto un anticipo do outono dourado  
para estremecer sen perecer.  
Foi un volver a aquela aberta  
que mudou a estación no meu peito  
en nun intre o AVE misterioso  
percorría a miña caluga de corrente alterna  
sen pasar da raia de auga  
nin chegar a Galiza!

### **CONTO HIPER-BREVE DA RAINHA DO SOL**

(pintura: “Medeia e Jasão” de Bebeth)

Ela conheceu um ser de segurança  
vindo do céu  
que lle prometeu o sol  
e pronto a fez rainha numa gaiola  
dourada de feixes  
para viver sem tempestades, sempre em acalma,  
mas sucedeu que chegou com sucesso  
afinal num dia nublado  
e ela voou livre com o vento que não conhece gaiolas.

### **A PENA DO CABRÓN**

no último salaio dun verán  
resistindo, home non!  
agochada nas saias de A Guía  
no marco dun toro de piñeiro  
agarda unha marea chea de raiba  
que enchope de bágoas a historia  
e as cinsas da memoria inacabada  
i n a c a b a d a  
en Teis agarda sempre!

## O SILENCIO NO MAR

Entro no mar en marexada  
coma o gume dunha navalla  
e as ondas baten no peito  
con fría intención de tirarme.

Non vou cair! Serei eu quen entre  
a baterme coa ondaxe!

Un dous tres catro zancadas de estrondosa vertixe  
e punto de non retorno na procura do solpor.

De súpeto todo calma.

O corpo dentro, a ialma fóra diluída no mar.

Unha atmosfera de burbullas e areas en suspensión  
perturba os sentidos sen solución de equilibrio.

Ao final esa luz roiba en pleno fulgor  
debaixo das augas. Son feliz! Sou... ((gluc))

Sétimo andar, poesía alén

ALBA MÉNDEZ

Moaña, 1985

## O REXURDIR DA ALBORADA

*Vaite noite  
vai fuxindo  
vente aurora  
vente abrindo*

Rosalía de Castro

## I

**Vaise** a sombra no cuarto escuro  
das verbas intimistas  
que ti arpexas  
para que eu, de preto,  
as cante apaixonada.

Esquezámolo loito  
dos séculos escuros.  
Desaparecerá a brétema  
da terra prometida das nosas avoas.

Renace xa a alborada  
ao son do rexurdir  
da nosa roxa estirpe.

Ornamentemos as nosas vidas  
dende a perspectiva de Vista Alegre.  
Bebendo de ti,  
bebendo de min,  
compoñemos a simbiose  
do agarimo ao amencer.

II

**Cúmulo** de modulacións  
entre as tonalidades  
dos meus sentimentos.

Ningunha requinta está afinada  
ao xeito que quero.

A gaita en re  
tocando pechado con tristura  
porque a melodía da vida é adversa ás veces.  
Dentro de min, pinto a escala cromática das emocións.  
A ledicia de terte comigo,  
dar a vida polo amor,  
o sentimento máis sublime;  
a forza interior para seguir en pé,  
a desesperación por ter que vivir neste mundo.  
tornan en min coa miña sensibilidade inmensa.  
Sementarei para vencer o chisco de medo e a inseguridade do  
porvir

Non son laios,  
son rebumbios de notas desordenadas  
na partitura onde nos mergullamos  
nas foulas

deixando atrás o ronsel.  
Fóra! O balbordo das elites.  
As melodías das vosas voces de mezzo e barítono  
voan no ar.

E rebotan por leis da física  
e chegan até o meu corazón,  
bulindo despois até a testa teimuda  
da xogadora dos 64 escaques.

A paisaxe emocional esvaída no taboleiro  
nas regras do xogo, da arte máis complicada.

No mundo que nos queren impor  
o son das ondas espontáneas  
difiren dos da fruta rectificada.

Cavilo sobre a maré  
de lembranzas presentes  
da ardentía  
alumeando deste xeito a paixón  
dos tempos que son chegados,  
á nosa terra luar  
de soños reais de amor.

III

**Diremos** até endexamais  
á nosa travesía  
de recordos avesos.

Navegaremos pola maré salgada  
para conservar  
de ilusións  
a dorna a barlovento.

Atravesaremos as tormentas  
ao traveso dos corpos  
dos lóstregos patriarcais  
que cortan as ás.  
Esquivaremos entre bateas  
a contaminación que deixan os desleigados  
na nosa singradura  
sen demora.

Mudarémola popa pola proa  
esvaéndonos na nosa viaxe xuntos.  
SÓS.

Loitaremos para construír co pobo  
o baluarte ecolóxico e natural da Galiza,  
un vello país,  
restos,  
unha nova dialéctica por formar,  
eivas fóra!  
Esquecerémonos da rivalidade.  
Só unha lingua,  
Somos nós,  
*A xente e maila fala,*  
Atopámonos,  
ti, eu,  
Nosoutros,  
Non venceredes vós!  
Voaremos até o xardín das delicias  
inzado de vontade  
e de arelas endexamais máis certas  
que nos levarán á nosa tenra revolución.

*Sentir que o apertar é abranguer os astros*  
Bernardino Graña

IV

**Raia** o sol  
neste intre das nosas vidas  
para espertar  
das tebras onde navegamos  
no mundo frío da noite.

Collamos a enerxía do astro  
para aloumiñar de luz  
a nosa efémera vida  
anoando os nosos corpos conxuntos  
coa sinuosidade da miña persoa  
deitada sobre a túa.  
O vento ávrego acariciará  
a nosa pel espida  
na que o sol penetrará na Alba de Gloria.

Arrimémonos co lume  
da nosa unión eterna de claraboia.

V

**Os** amores valentes son  
como cando logras facer un límite  
e tende a infinito.

Endexamais puideches amar tanto.  
Endexamais sentiches o oco cheo  
na metamorfose que sufriu teu corazón  
que noutrora ficaba baleiro.

Xa non son bolboreta.

Até onde chegará  
a miña singradura onda ti?  
Os dous sabémolo que hai:  
O agarimo e a paixón infindo dunhas chaves  
para ser libres na terra  
e saír das prisións  
por ser ou estar comprometidos.

Aproxímase con designio  
apaixonada a alborada,  
renacendo a conxunción  
da meniña  
da maré salerosa do Morraço  
e do paraíso do ceo  
que tí representas.

VI

**Gaitero** das verbas,  
non me rindo.  
Os intervalos da distancia,  
quilómetros de paisaxes esmeralda,  
son sinxelas notas de paso,  
para inquirir o leitmotiv.  
Arrimarei no atlas  
as antípodas  
para poder bailar contigo  
con pés soñadores  
muiñeiras punteadas,  
ribeiranas,  
mazurcas,  
sacando eu os puntos  
coa intensidade dos versos do teu *Amor de Tango*  
até a vitoria.

Non é unha ópera wagneirana:  
Tristán e Isolda  
(sen Liebestod).  
Non. É moito máis doado.  
Non temos os Aneis do Nibelungo,  
Mais si a unión inmorrente.



Lanzarémonos de cabeza,  
sen naufraxios  
porque nadar os dous ben sabemos  
pra sentir o verde das fragas do Eume,

o río que nos leva cara a-mar,  
nas augas de intres fugaces do Cronos  
camiño á dozura do principio de dualidade  
da maxia das ondas de De Broglie.

## VII

**Envolveunos** a poesía, a terra e o mar,  
mentres tiñamos unha infinita loucura,  
desexo nunha noite de estrelas fugaces...

Xa non hai bágoas de San Lourenzo,  
só a ledicia de compartir os anceios na Xunqueira.

O arrecendo á herba de namorar veu a nós de contado  
e volvemos vernos en sucesivas ocasións.  
Sentímonos moi perto na distancia,  
porque temos a esencia  
de dous corpos espidos apaixonados  
e o alento dos corazóns cravados nunha frecha,  
xa que esencialmente,  
nos amamos.  
Fundamos así,  
as foulas da nosa analoxía mariñeira  
cun as de guía  
e imos vogando  
coa forza das mareas  
e o ímpeto do amor  
cara á nosa travesía un a carón doutra.

VIII

*Cóntame contos vellos de alén mar;*  
lévame á viaxe  
inzada de mañanciñas frescas na túa pel exquisita  
para dar-me folgos en cada combate.

Marmúrame versos onde afirmen que aínda hai un  
espertar  
unha roxa alborada,  
perante a barbarie deste mundo,  
un pobo gherrilleiro resistindo fronte o imperialismo,  
digo Cuba, digo Palestina, digo Galiza.  
Viaxaremos nas brigadas, camarada,  
ofrecendo as mans abertas  
e o pouco que podemos dar,  
o corazón e o noso sangue fervendo.

Alquimista,  
condúceme ao túnel  
onde hai luz á saída,

á quimera do noso idealismo.  
Os puntos de fuga  
polos que paga a pena loitar xuntos  
vense máis perto,  
aínda que estean no infinito.

Choutamos por enriba do infortunio,  
valentes,  
mentres rola o vento en contra,  
sen demoucar bágoas,  
para procurar tanxer o firmamento  
Coa forza dos puños ergueitos  
do noso devir.

## IX

**A marea** pode definirse como o movemento periódico de ascenso e descenso das augas do mar causado pola forza da atracción do Sol e da Lúa.

Maréame vivir entre a pre-amar, a baixamar e a marea libre. Esta pode estar morta. Pero por sorte, vivo nun areal moi grande, con mareas vivas, onde, no fondo, cada gran achega unha morea. No Morrazo estamos afeitos a camiñar entre as areas movedizas. E como pobo mariñeiro que somos, non afundimos. Axúdanos o vento ávrego, que moldea a nosa paisaxe transportando a area dun lugar a outro. Vivencias. Sempre en movemento. Xamais acougarei. As vagas balancéanme.

Mais gustaríame ficar queda un intre, pechar os ollos na praia e deixarme levar polo son da espuma ao bater coas rochas, sentir a brisa e a salitre, xunto cos teus brazos enredados no meu corpo nu como pólas podadas nun pomar imaxinario. Tentacións...

Ti dis que non sabes dos areais nudistas. Que se lle vai facer, se es un labrego de terra dentro! Tampouco sabes das cunchas. A min gústame escollelas para que me dean sorte no cruce de camiños.

Amámonos.

Non sei alén da loucura de nós xuntos sen nós.

A profundidade deste océano abranguerá até aí, no corazón da terra..

Non sei  
se viaxando nunha burbulla  
ficarei de pedra  
como unha nena aprendendo  
que a vida é así.

Utopía.

Con algúns requilorios,  
a náufraga doutroa

chegará a Ons,  
coa maré turquesa que me ofrecía miña nai  
xogando cos minerais da sorte  
e agora atopeina.  
Volvo logo  
á terra fértil,  
á túa beira.

O tempo voa no ceo da Guarda ao teu carón,  
vibrando e enredándonos nas silveiras do monte Aloia,  
atados de amor para sempre,  
fundíndonos na dozura da pel  
e a paixón carnal e primitiva baixo a natureza.  
Verdes paxariños cantarán e faremos unha festa da vida.

**X**

**Esquézome** xa da gaiola deste mundo,  
dos pisotóns capitalistas,  
dos que cruzaron o río Lethes e non lembran o amor,  
as raíces, a saudade, a terra.

Vou viaxando no tempo,  
ollo agora paisaxes da cor da herba fresca  
arredor de min.

Evádome das lendas,  
da rosa dos ventos,  
da encrucillada,  
dos eróticos sentidos sentimentos doutroa,  
do remuíño do niño do corvo que pasou polas miñas  
pernas,  
do mariñeiro que me deu a man e colleu o brazo.

Teño amizades de augas transparentes,  
seguindo o río da Fraga.  
Sigo soñando con carballeiras inmensas inzadas de  
xente comprometida.

Nós vivimos entre atmosferas cambiantes,  
entre as covas e as cavernas

Alba Méndez

e as engurras da forza dos maiores.  
O vendaval non pode co ímpeto da nosa xente.  
Isto é a terra dos castros.

Son mestra das ondas no mar da operación  
“desprestige”,  
xogo coas nenas ao xadrez e ensínolle estratexias pícaras  
para ir medrando paseniño.

Sigo estudando de vagariño...  
Ás carreiras non se debe andar.  
Fica a vida laboral pola que nos fan loitar..

Remataron os saloucos dos salgueiros.  
Vou saboreando a vida aos poucos.  
Continúa o arrecendo á herba de namorar  
sobor o sol nacente.

E teño que conformarme  
con mirar as estrelas  
desde a terra.  
Malia que me pese,  
os humanos somos seres torpes  
e non podemos voar  
coma nós quixeramos.

Sétimo andar, poesía alén

ALBERTE MOMÁN

Ferrol, 1976

**I**

**queremos** paz  
se cinguimos os pasos  
como obriga  
a toda realidade práctica

queremos paz  
se renunciámos a nós  
ao ti e máis eu  
que por vontade propia  
decidimos perdernos polas congostras de Hío  
e volver  
sobre nós  
e con nós ao mundo todo  
con pé firme

que decidimos non esquecer  
e figurar nesta nosa historia  
que é a de todo un pobo

**SERMOS UN**

## II

**queremos** paz  
si  
    certamente  
cun ansia dificilmente superable

queremos  
como a nós  
xuntos  
unha historia diversa  
na que ti  
    eu  
non sexamos máis que unha ínfima parte

alén  
a pluralidade  
a diversidade de sermos tamén un  
eternamente negado  
mais en paz  
    consigo mesmo

sen as fronteiras marcadas  
para delimitar a nosa paz  
con nós  
    entre nós  
e para sempre  
abertos ao mundo

## III

**volvo** sobre ambos  
a negación de toda obriga  
fóra da propia vontade

## IV

**a** paz como renuncia  
amor  
como deixar de sermos  
nós  
e o sentimento que nos acompaña

V

a paz como obriga  
meu ben  
perdidos nas realidades prácticas  
dun mundo que non escollemos  
inmutable  
sen posibilidade de cambio

no que sermos escravos  
alén dos propios anceios como entidade  
colectivo  
país  
terra  
pobo

mil nomes para un mesmo xeito de vérmonos  
incluso dende a distancia  
entre ambos  
candos as circunstancias  
que tamén somos nós  
obrigan

e con todo  
seguirmos xuntos  
porque *xuntos* ten un significado meirande  
do que un nós  
    ti e máis eu  
nun só corpo

VI

**verco** as palabras para ti  
para unha paz que non chega  
para o futuro  
o pasado na memoria inmorrente  
baixo os piñeirais de Cangas  
sobre as pedras  
    firmemente afincadas na historia  
os cantís de Fisterra  
o mar do Barbanza  
    dende Aguiño a Rianxo  
tamén o valo de Manselle  
e Padrón



sigo cara o norte  
e véxome na miña casa natal  
rodeado de mar  
e a brétema do desacougo  
por unha paz  
    que se tingue de vermello  
en defensa do nós  
amor  
que significamos  
    terra fértil  
un aroma briófito  
cargado de humidades

## VII

**e** queremos paz  
sen finximentos  
camiñando de fronte cara as disputas  
disipando problemas  
tensións  
a ira que se soubo sempre intocable

por nós  
    semente de vencer  
de cara un futuro  
    noso  
    en nós  
sen as fronteiras dos que se saben xustos  
e falan da xustiza como norma  
vinganza  
odio  
ou sinxelamente cómplices  
escravos da realidade  
    até hoxe  
inmutable

## VIII

**en** nós  
    todas  
para nós  
    todas

**IX**

**en** ti que sabes amar  
e amas  
efectivamente  
en min que sigo os teus pasos  
ollando dende a distancia  
para non perder nin o máis mínimo movemento  
aceno que ofrecer ao tempo  
noso  
neste noso lugar  
espazo infindo e *ad infinitum*

**X**

**descanso** xa  
despois da confesión  
que dirán irreverente  
  
descanso  
dando sentido a esta irrealidade  
nosa  
amor  
que sabemos posible  
que faremos posible

Sétimo andar, poesía alén

MARÍA N. SOUTELO

A Estrada, 1982

## NA CIDADE

*Porque así, quizais, é como comezan as historias das cidades...*

*"(...) por eso he decidido ayudarte a existir  
aunque sea llamándote ciudad en que no existo  
así sencillamente ya que existís en mí  
he decidido que me esperes viva  
y he resuelto vivir para habitarte".*

De "Ciudad en que no existo", Mario Benedetti

## 0. a caída

a cidade escondíase  
na garante  
dos seus vicios

e

non puido haber  
berros  
nin dor nin súplica.

chegou o tempo.

a sombra terrible dos titáns  
agardaba para  
devorar os corpos inermes  
polas calexas

con ansia de séculos.

fóronse apagando  
de a pouco

as luces  
e as fogueiras todas.

a cidade  
caeu.

### 1. o inicio

nunca se pensara  
nun destino manifesto para a cidade.

simplemente  
abriuse fresca como unha granada  
madura  
no medio do baldío

respirou fondo

e comezou a latexar.

### 2. as mulleres

na cidade  
as mulleres de pernas  
brancas  
comían cereixas

e contaban os matices de todo o verde.

recitaban poemas  
absurdos  
que falaban sobre a lúa.

medían  
a distancia entre amar  
e as súas dedas.  
pasaban as horas  
facendo encaixes de bolillos  
e madeixas de brión  
con que adornaban o seu cabelo alourado

e debullaban ervellas  
no colo da súa saia mentres  
os nenos durmían.

### 3. as portas

para cada porta  
[da cidade]  
tecéranse coroas  
de dente de león  
passiflora  
e rododendro.

as mulleres cosían  
unha a unha  
as flores  
en pólas elásticas  
de mirto.

### 4. a idiosincrasia

Non había

hora da nostalxia.

Nin a verba  
soidade.

### 5. os homes

os homes chegaron

entre as pólas encrechadas  
dos sabugueiros.

as vaxinas  
das mulleres,  
dolorosas e fragrantas,  
abríronse  
e sangraron mel.

## 6. a incerteza

á cidade  
bailábanlle os dentes  
dentro da boca  
entre respiración e respiración

mentres  
as mulleres  
acariñaban  
co polgar  
a circunferencia imperfecta  
nos seus embigos  
sobre o útero farto

e

choraban

mares de primulas  
de tule e papel maché.

## 7. o cambio

parecía vir a noite  
[sobre a cidade].

nos cabelos  
como ouro cardado  
das mulleres

pousábase a cinsa

que revoaba triste.

ulíase a guerra  
as árbores queimadas  
os limóns fendidos en sete

un aire que deixou  
de traer o seu encantamento  
soluble  
ás foxas nasais da cidade.

## 8. os muros

foi necesario  
levantar os muros  
[arredor da cidade].

e facelo resultou tan doloroso  
como o máis difícil dos partos.

as mulleres foron retorcendo os seus iris  
en ollos brillantes de oso ártico  
e cuspián  
inxurias  
moéndoas nas bocas entreabertas.

os nenos xogaban á pita-cega  
sobre a croa aínda  
denuda.

## 9. os aromas

as mans das mulleres  
arrecendían a sidra nova  
fervendo nos lagares  
e a tona de laranxa

cando nadaban  
no manancial  
e bicaban os seus labios moles  
sen reparo

e rían escandalosas

nalgunhas tardiñas  
mornas  
do mes de agosto.

## 10. a enfermidade

se algunha muller  
caía en febres

as demais  
facían quendas  
para velala

no decorrer do día e da noite

mudaban os lenzos suados do seu leito

refrescaban de contino con panos de auga fría  
a súa fronte.

## 11. o agoiro

porque a auga  
adquirira  
a textura leitosa

dos ollos das vacas sacrificadas

e xa non prendían  
pingas de bruma  
nas patas lixeiras  
dos cabaliños do demo.



## 12. o colapso

e abríanlle-los ventres.

as formigas negras  
eran regueiros infinitos na carne morta,  
descendendo de vagariño  
polas meixelas azuladas

trenzadas de veas  
dos nenos.

as bocas abertas  
os brazos ríxidos  
os ollos cristalinos como bólas de vidro de cores  
nos que se reflectía

o terrible sol

do ceo despojado  
daquel día.

Sétimo andar, poesía alén

MANOLO PIPAS

Coia-Vigo, 1968

**unha casa pumariña**

unha casa con xardin  
un xardin coa sua escola  
unha escola pra xogar  
pra xogar todos e todas

unha casa unha escola  
unha escola diferente  
diferente a relacion  
a relacion entre a xente

unha casa con xardin  
con xardin e invernadoiro  
invernadoiro con plantas  
plantas-nenos cos seus xogos

unha escola pra xogar  
pra xogar e aprender  
aprender ai tantas cousas  
tantas cousas ai que ben

o xardin o invernadoiro  
unha casa unha casaña  
as cativas e pequenos  
unha casa pumariña

### os titeres de redondela

once anos nada menos / titeres en redondela  
alegría pros pequenos / que non perden esta festa

tanxarina na xunqueira / é o grupo anfitrión  
nas prazas e na alameda / once anos de paixóns

este trio trae a ría / titeres de medio mundo  
historias de fantasía / dun pasado ben profundo

*toca o tan tan tanxarina  
abre o telón a cortina*

titeres e marionettes / circo poético e danzas  
músicas e monicreques / liliput e un fantasma

os dez dedos xa sumaba / o cartel titiriteiro  
as dúas mans completadas / xa dan paso a outro deseño

*toca o tan tan tanxarina  
abre o telón a cortina*

van dentro dun castromil / os dez anos e monecos  
no remolque está a sorrir / e seu irmán máis pequeno

titeres que gran regalo / redondela e tanxarina  
o festival once anos / pecha e abre a cortina

*tanxarina aí tan tan  
ti non nos podes faltar*

### vella e abandonada panificadora

vella e abandonada panificadora  
entre o castro e o casco vello  
o inmenso forno que amasou pan  
que amasou vidas e soños da comunidade  
vella e abandonada panificadora  
sempre ollando para o tamen golpeado mar  
edificio espacio esporadico dalgun sen teito  
dalgunha esmoleira dalgun corpo abandonado

vella e abandonada panificadora  
entre o casco vello e o monte castro  
paredes que chamaron polos grafiteiros  
e outras mais altas que chaman a escalada  
vella e abandonada panificadora  
irmán da fabrica de massó e tantos outros  
templos modernos da arquitectura civil  
que foron derrubados pola sen razon

vella e abandonada panificadora  
entre a cova dos ratos e o noxento concello  
agora amasando fantasmas e propostas  
e outros sempre amasando especulacion  
vella e abandonada panificadora  
as paredes os patios as sas os silos  
e a cheminea espacios que ceais chamaron  
a unha okupacion social do edificio

*e en maio do 2007 houbo nesta construcion  
unha reclamacion publica do espacio  
por persoas de diversos centros sociais do pais  
e foron botados pola amable policia  
baixo a ameaza dun brutal desaloxo  
e seguiron o encontro noutro espacio  
con mui pouca repercusion publica*

vella e abandonada  
e golpeada vella panificadora

### massó e os saqueos

na outra beira desta lingua de mar  
en cangas divisase a fabrica de massó  
a vella construcion e a súa torre  
como unha torre civil como un templo  
un templo do recente pasado  
de traballo de riquezas e saqueos

a abandonada fabrica de massó  
a cheminea e as outras construccions  
cangas massó a terra o mar e a memoria  
agora victimas de mais grandes saqueos  
e baixo aos peiraos e collo o barco  
o privado pero colectivo transporte  
e ollo as desfeitas do corredor do morrazo  
os recheos as fabricas os portos deportivos  
os montes quemados e pelados  
e tantas e tantas batallas que perdimos  
e ollo para atras de rande a toralla  
e mellor non sigo non sigo

no salgueirón de cangas o recheo avanza e avanza  
como unha lingua de escombros e destrucion  
que trouxeron os camions que pisaron e pisan  
os escombros da legalidade e as nosas vidas

na praia a poucos metros de nos  
uns poucos corpos na area como autistas  
e ao pe da cheminea apaño unhas moras  
dunhas silveiras que teñen mais vida  
que eses conflictivos e violentos pikoletos  
e despídome dos compañeiros do foro social  
das compas de galiza non se vende  
e dos dous unicos mariñeiros que chegaron

hoxe perdimos outra batalla por massó  
e imos coller o colectivo barco  
e a vella cheminea da fabrica de cangas  
mandanos unha forte aperta  
para a cheminea da panificadora de vigo

mañan uns poucos repetirán  
e outras coma hoxe nos  
virán a dar un pequeno apoio

**a pedra e as chozas**

a pedra e as chozas / camiñan parellas  
casas e muiños / e os muros das leiras  
pontes e cruceiros / que che dan o paso  
terra do granito / de duros paisanos  
pedras lavadeiros / cantas escaleiras  
tamen os canastros / coas suas cobertas  
casas que se caen / agora se arranxan  
o vello granito / que nunca descansa

*as chozas e a pedra  
antes e agora  
camiñan parellas*

darredor da casa / vai un empedrado  
as vellas sopenas / baixo os nosos pasos  
pedra ben feitiña / cadrada sopena  
ti ben que nos dabas / unha boa mesa  
unha estraña pedra / vai facer un banco  
parece un menhir / alguén dixo un falo  
estas dúas pedras / non son indultadas  
que segue o empedrado / darredor da casa

*as chozas e a pedra  
antes e agora  
camiñan parellas*

entre unhas silveiras / foron ocupadas  
duas boas pedras / por unha lagarta  
a toba o reptil / non conservará  
estas dúas lousas / seguen a empedrar  
algunhas visitas / as chozas chegaron  
viven na cidade / camiñan pro campo  
ai ecoloxía / ai permacultura  
uns poucos camiños / que van coa lua  
tolo mes de abril / de sol e poalla  
hoxe van uns versos / os corpos descansan

*as chozas e a pedra  
antes e agora  
camiñan parellas*

**a outro olmo seco**

entre as casas de chere hai un grandote olmo seco  
tan vello como a aldea que cecais se foi morrendo  
cando marcharon os últimos  
poboadores destes cerros

e co tempo a estas casas se lles caen as cobertas  
e o olmo seco que perde as polas finas e a casca  
pero o peto carpinteiro  
tamen gusta esta madeira

alguns olmos sempre tiña cada aldea deste val  
e de lonxe xa descubren as xentes ao camiñar  
polos olmos estes pobos  
e xuntos gañando o ar

e ate chere que chegaron camiñantes e olladas  
e o tronco deste olmo seco que se enche de palabras  
dun poeta de outro tempo  
que a lupe as veces graba

e as noites de lua chea neste tan revoltó maio  
a sombra deste olmo seco que cecais feriu un raio  
vai provocando outros versos  
duns alumnos de machado

**vento do pobo**

vento do pobo ai vento  
labrego e pastor amigo  
entre romance e soneto  
o teu trino

vento poeta do pobo  
voz de trigais e olivos  
susurro de pan e cebola  
o meniño

vento do pobo poeta  
entre bandeiras e himnos  
mais a terra é unha soa  
o destino

vento do pobo miguel  
co teu traxico camiño  
o campo a guerra a prision  
sen sentido

vento do pobo poeta  
as ausencias os suspiros  
os golpes de tantos lados  
eu contigo

vento miguel hernandez  
o teu tempo meu amigo  
entre poema e cancion  
segue vivo



**poema guitarra e voz**

trovador veterano este paco  
de triste figura bo compañeiro  
ai sempre el vestido de negro  
un home a unha guitarra pegado

*poema guitarra e voz*  
*memoria*

paco ibañez cancion republicana  
pioneiro mestre exilio e regreso  
ai sempre ti vestido de negro  
pero con todas as cores da palabra

*poema guitarra e voz*  
*historia*

cancion que non pode volver atras  
vellos e novos poetas no camiño  
ai sempre ti de negro vestido  
cantor agora e sempre a galopar

*poema guitarra e voz*  
*memoria*

**voz de costa e campina**

cantigas do bem querer  
trae a rapaza da lira  
do nordeste do brasil  
socorrinha

cantigas filhas da terra  
alegria e dor en rimas  
lonxe e perto tudo e nada  
tuas e minhas

e traes cantigas de amigo  
que son tonadas mestizas  
entre as augas que nos unen  
ai mendinha

cores do atlantico traes  
nova voz das nosas rias  
socorro lira con sambas  
e valsinhas

son cores do bem querer  
rimas da tua campina  
do nordeste do brasil  
socorrinha

**dezasete de maio**

dia das letras galegas  
letras galegas  
galegas  
ai novoneyra

dia das letras galegas  
dia das letras  
dia  
ai rosalia

entre a costa e as serras  
entre rosalia e novoneyra  
entre os eidos e follas novas  
a matria que se nos nega

dia das letras  
dezasete de maio  
todos os dias dezasete  
e maios todo o ano

o galego a nosa lingua  
a fala é a nosa casa  
as cores da cada frase  
os acentos das palabras

para a loita este dia  
ai tan cheo de mentiras  
todos os dias en galego  
e mais nada e nada menos

Sétimo andar, poesía alén

RAMIRO VIDAL

Ferrol, 1973

Desde a minha mediocridade, mas também  
Desde o meu ardor militante  
Tam sincero como real é a dor das feridas de guerra  
Que a experiência me outorga

Declaro-me habitante desta aldeia resistente  
Deste núcleo irreductível

Confesso o inorme prazer que me ocasiona  
A estranha insolência de escrever em galego

Nom o fago para salvar umha língua,  
Fago-o para que os tanques e os bulldozers  
Nom derrubem aquela casa em Palestina

Nom o fago para salvar umha cultura,  
Fago-o para que o degelo da Antártida se detenha

Nom o fago para resgatar a memória dos meus antergos,  
Fago-o para acabar com a desflorestaçom da Amazonia

Nom o fago para libertar Galiza,  
Fago-o por Cuba livre e socialista, para que os ianques  
saíam de Guantánamo, para deter as matanças de  
baleas e de focas, pola independência do Saara, para  
que os militares nom matem a democracia em  
Latinoamérica, para derrubar os muros da vergonha e  
os arames farpados da infâmia...

...nom paga a pena continuar. O único que poido dizer,  
eu, poeta popular sem prémios, que nom está presente  
em colecçom nengumha, que nom frequenta tertúlias,  
que nom é entrevistado na imprensa, eu, irrelevante,  
minoritário, desconhecido, discreto

é que escrevo em galego porque sou internacionalista, e  
porque se eu obedecer os ditados daqueles que  
proclamam a inutilidade da minha resistência  
contribuirei para que outras resistências perdam  
sentido.

Caminho por vós, veias daquele clamor  
Rios de revoluçom latente  
Na épica de cada gesto  
Na emoçom de cada golpe

Inclino-me ante a dignidade dessas linhas de história recente  
Conmovo-me na lembrança daquelas lapas

Cada linha escrita na batalha, fica gravada nas pedras e no  
asfalto  
Cicatrices de orgulho de classe  
Fervor do vermelho sonho

Caminho por vós e respiro  
Aquele cançom de guerra  
Essa que marca o passo  
Dos que vam lutar

Nos teus recunchos e paredes  
Está a memória dos combates e as geraçons

...a confiança, essa grande fórmula,  
empacotada em técnicas de márketing  
esse produto, ou regra aritmética,  
ou composto químico  
redentor de um estado mental da psicologia colectiva,

a confiança, factor de álgebra que expulsará a esse  
intrusso maligno,  
essa jogada de quadro preto  
organizada por um movimento popular de desenho

a confiança, essa arma ou ideia força ou estado ideal  
que nom te inteiras, que um monstro póvoa a tua  
mente  
que a ideologia te condiciona  
e que és parte do problema  
porque nom tens umha soluçom

que nom me contes o teu problema, que me deas umha  
soluçom,  
e ante tudo confiança,  
muito feeling

buen rollo, tio  
numha porta, os anti-distúrbios  
e na outra, Pau Gasol e Buenafuente injectando falsa  
consciência necessária  
tu escolhes o caminho

formas parte do problema, todos na mesma nave, ainda que  
isso nom exclui embargos e expedientes de regulamento de  
emprego  
nom te queixes, nom protestes, nom te manifestes,  
que formas parte do problema  
“que esto sólo lo arreglamos entre todos”

ou arranjas ou te deixas arranjar,  
porque se pensavas numha revoluçom  
já che indicamos nós como a podes fazer

Caminhamos pola corda fraca deste universo flexível de episódios  
dinâmicos

Somos números, vivemos comprimidos em estatísticas

Políticos, tecnocratas e jornalistas

Jogam um fatídico chinchimone com as nossas vidas

A minha biografia é um resultado bursátil e toda componente  
humana

É impertinentemente acessória

Pois nos templos do liberalismo

O conceito justiça é blasfémia

O chamado patriótico à comunhom

Para o batalhom da massa obediente

É um emprazamento ao campo de batalha

Há que neutralizar a um demo que o invade tudo e que nom se vê

Que é pecado formular

Longe dos traços

Que a litúrgia dos números nos proporciona

O salvífico fetiche anulador da crítica

Obrará o milagre

De resistirmos a outra revolução

A prerrogativa da difamação no diagnóstico do inimigo

Da anulação do discurso, das intenções, da identidade

Essa constante, esse bucle, esse suplício

Da mentira programada

Do insulto sem emenda nem resposta possível

A caracterização como verdade total

Feita dogma

Feita argumento em si próprio

Aniquiladora brutal do debate

“Yo soy apolítico, pero Cuba es una dictadura”

“Yo soy apolítico, pero a Fidel había que matarlo”

“Yo soy apolítico, pero en Cuba se mueren de hambre”

“Yo soy apolítico, pero en Cuba se prostituyen por una braga”

Esse inquilino na tua consciência age como resorte animal

A reacção robotizada esconjuradora da tumorosa realidade  
incómoda

A reconfortante vacina contra a alteração do equilíbrio da fé

No médio do Caribe, um anaco de terra como insultante  
evidência de

Que fora das lógicas do desenvolvimento capitalista é possível  
resistir e mesmo reinventar ao ser humano

Em todo o mundo, o perigo permanente da simpatia  
professada por milhões de indivíduos que vivem realidades  
diametralmente diferentes, infinitamente diversas

E como alarmante manifestação impúdica  
A refutação permanente do axioma intocável  
O colapso da autoridade  
Nas tendências de opinião.

Neste bar , envolto por um blues ençoufado de vinilo ferido  
Navego as ondas do álcool mais infame  
Alheio ao excelente comportamento dos mercados  
Onde se respira optimismo  
E onde se alcançaram máximos históricos

Deve ser que tanto ao meu fígado  
Como ao meu caseiro  
Como ao patrom que me explorava até há três dias  
Lhes importa um caralho o índice Nasdaq,  
O índice Nikkei  
E o índice Down – Jones

Os feirantes do hórreo andam a consensuar soberanias  
financeiras  
Eu encalhei nesta paragem de naufragos da noite  
A minha cadência fatal está perpetuada  
Como a mais desgarrada das vozes atrapadas  
Nos vetustos discos deste furado

Este balcom é umha táboa no meio da galerna  
Essa jungla de fume e chuvia



Monstro cruel que acorda lastimeiro  
Tras a trágica e fria noite

Juntarei esta madrugada de licor enfermo  
Com a manhã operária e marinheira  
De donuts regado com bagaço e café com leite

Se calhar os lamentos do vinilo  
Se fundam num impasse imperceptível  
Como o primeiro sabre de Apolo sobre o manto da noite  
Com as ruidosas piadas sobre futebol  
Ou o comentário político trivial e nom por isso menos  
homologado  
Ou os rumores de umha nova micro-batalha contra o  
patronato

Sem dúvida  
Numha linha extraviada das leis históricas  
Ficou escrito que estamos condenados  
A agüentar as mediocridades  
Dos que se autoproclamam líderes naturais  
Das nossas luitas

A atormentada paciência do operário  
Perante quem quer escrever a crónica das suas desventuras  
Essa dor vital  
E a certeza da traiçom

Porquê esta feira das vaidades,  
Porquê esta ópera bufa?  
Porquê a álgebra absurda  
Desta absurda dialéctica?

A poalha pune a demorada exhibiçom teórica  
A ira solitária estrela-se violentamente contra as paredes  
O desconcerto planeja em reviravoltas vertiginosas sobre as  
nossas cabeças

O futuro é umha sinistra gaivota que ri na esquina mais  
desapercibida da manhã

E o guiom vai transcorrendo, fatal  
Num devalo difusso e aterrador

Que o pano caia sem fazer muito balbúrdio  
E que o tempo leve o dia de hoje ao esquecimento

Quando um passa a ser mera moeda de câmbio  
E perde a sua condiçom de pessoa  
A frialdade do vazio absoluto  
Albisca-se prometedora

Seis metros de queda livre  
A angústia dos minutos precedentes  
E a trajectória fatal

...e depois nada  
o resto nom é assunto teu.

Precipitar o final,  
Porque o resto da tua história nem paga a pena conhecê-la  
Porque apenas se trata de forçar a descida  
Numha gráfica soluçom final  
Redentora  
Oportuna

O frio da manhã fai honor à despedida  
Acompanha o final perfeito  
Esse no que nada sugire  
Que deixes alguma cousa atrás que pague a pena

E a ria brava é um monstro famento  
Fero e pestilente  
Que te engolirá com umha violência implacável

...e o umbral é questom de um instante escasso;  
apenas salta e esquece.

Tu nom és o teu entorno  
Nom és as tuas circunstâncias  
Nom és as tuas obras  
Tu és um balanço de resultados

Tudo em ti é quantificável  
Traduzível a dinheiro  
O teu tempo é dinheiro  
A tua força é dinheiro  
A tua liberdade é dinheiro  
A tua saúde é dinheiro

As tuas emoçons som dinheiro  
As tuas necessidades som dinheiro  
Os teus desejos som dinheiro  
As tuas virtudes som dinheiro

Produzes dinheiro  
Gastas dinheiro  
Desejas dinheiro  
Necessitas dinheiro

E os que fabricam dinheiro  
Um dia digerom-lhe aos que movem esta máquina infernal  
Que os que armazenam dinheiro

Necessitavam dinheiro  
Para poder continuar guardando o dinheiro  
E os que produzem o dinheiro  
Que fam os que fabricam dinheiro  
Nom perdam todo o seu dinheiro

Em resumo, a cambio de seguir armazenando o dinheiro, mais  
dinheiro

Porque se dá a circunstância de que precisamente perderam  
dinheiro

Um dinheiro que é dos donos do dinheiro,  
Que em teoria é dos que produzem dinheiro  
Ainda que o negócio está no dinheiro dos que tenham ainda mais  
dinheiro,

Que a esses nom se lhes pediu dinheiro

Ainda que a ti se che pedira dinheiro para ajudar a esses que  
guardam o dinheiro

(o dos que tenham mais dinheiro e o dos que tenham menos  
dinheiro)

se nom tens dinheiro para pagar o teu carro ficas sem carro  
e se nom tens dinheiro para pagar a tua casa ficas sem casa

...afinal, tudo questom de dinheiro.

Pois isto é o capitalismo.

Miguel Ángel Alonso Diz .....	7
Ana Cibeira .....	23
Rosa Enríquez .....	29
Alfonso Láuzara .....	39
Alba Méndez .....	51
Alberte Momán .....	71
María N. Soutelo .....	81
Manolo Pipas .....	95
Ramiro Vidal .....	115



